

ANAQUIÑOS DE AMOR POLO RIO

Imos da mán do outono ao río dos GAFOS cando as follas das árbores suicidanse e caen paseniñamente pintando o leito do río de amarelos ocres e verdes nun derradeiro viaxe, nesta data imos na compañía dos rapaces e rapazas da asociación, XUNTOS SINDROME DE DOWN e XOAN XXIII que son os protagonistas VAIPOLORIO desta vez imos de teloneiros, que alegría o traballar ao seu carón dándonos a todos nós un exemplo de amor e entusiasmo pola natureza eo río retirando papeis plásticos e toda clase de lixo que moitos de nós a cotío tiramos e que tiñamos que ter limpo xá que o disfrutamos.

De súpeto unha algarabía de risos e comentarios na mañán cando atoparon no cauce do río unha botella cun menxase dentro, quedei coa magoa de saber o que decía no balbordo da nova eo traballo despisteime e non soupen do contido da menxase.

Vaixa contento o río ao decatarse que aínda preocupalle alguén que luza limpo e saneado. Agradecido o río contalle a algun poeta que sabe escoitalo relatos que aconteceron na súa longa vida e tamen a súa historia soio teñen que sentarse ao seu carón como SHIDARTA e saber interpretar o marmurio e escribelo como fai o poeta CALROS SOLLA de aí saíron preciosos relatos e libros, ANDAR PRIMEIRO DE RIO, O DEMO ASUBIADOR, O RIO DA MEMORIA, CARTAFOL DO RIO DOS GAFOS recen saído do prelo que é unha soía para o que queira saber da historia do río.

Nós na nosa infancia que xogabamos ao seu carón, tamen sen ser poetas falabamos co río e sabíamos o seu linguaxe eramos parte del é confiaba en nós e contábanos cousas, ata que dimoslle as costas, o traizoamos e deixamos que taparan o tramo de xogos da nosa infancia, e como castigo fomos perdendo memoria e xa nón nos lembramos do linguaxe do río e as historias que nos contaba, Algun como SARTIER aínda lembra aqueles tempos e conta no libro, OS DIAS DE F.L ao millor e que tamen é poeta como SOLLA eo río contalles cousas que alí aconteceron ea nós neganos.

Nón todas son novas no Gafos pois de súpeto vaixa triste ao decatarse que cortaron dous árbores que lebavan moitos anos ao seu carón, vellos carballos que eran o fogar de moitos pasariños e dabanlle sombriza no verán é espellábanse nél, supoño que habería unha razón para cortalos, pero unha carta que ía ser de alegría remata triste din, que o noso árbore de referencia, o carballo de Santa MARGARIDA ten risco de derrume agardamos que non lle fagan un tratamento tan drástico como aos carballos do GAFOS. Marcho do río con tristura e lembrome de RosaliaTRISTE EO CANTAR QUE CANTAMOS. MAIS QUE FACER SE OUTRO MILLOR NON HAI.

Antón Roel